

VISITAS GUIADAS A FERROL VELLO



peirao de Curúxeiras princ. séc. XX

Organiza:
COMISION CIDADÁ POLA
RECUPERACION DE FERROL VELLO



1.-A orixe da cidade de Ferrol é medieval (S XII), adicándose a súa poboación á pesca e a salgadeira. Sitúase sobre un espolón triangular entre as enseadas da Malata e Caranza, que abriga un pequeno porto natural situado baixo a actual Praza Vella. Nun plano histórico do ano 1732 (previo á construción dos Arsenais) reconécese un primeiro recinto murado que incluía os edificios máis importantes: o Alfó da Sal, a Alfándega, o Hospital do Santo Espírito (relacionado ca ruta Inglesa a Santiago) e a vella Igrexa Parroquial de San Xulián. Cara o norte esténdese a vila medieval, con trazas paralelas á muralla. Ao leste desenvólvese un segundo arrabaldo (o actual barrio de Argüelles) ao longo do camiño de San Francisco, principal via de acceso á Vila.

2. A muralla da Vila situábase entre as actuais rúas do Castro e a do Cristo. Como aconteceu con outras cercas medievais, o seu foxo converteuse en horta, e posteriormente (na segunda metade do século XX) foi ocupado por novas edificacións.

3. A única porta da muralla (a Porta do Cristo, derrubada en 1826) estaba en fronte da actual Praza Vella onde se celebraba o mercado, que se estendía polas actuais rúas San Francisco, Benito Vicetto e Virxe. Estas rúas contaban con soportais e mostradores de pedra, semellantes aos conservados na Vila de San Nicolás de Neda, pero os soportais foron derrubados no século XIX por razóns hixiénicas.

4. A única edificación singular de Argüelles era esta casa, que foi "reutilizada" recentemente para a construción de vivenda pública de aluguer.

5. O rúeiro de Argüelles, disposto perpendicular a San Francisco, responde á necesidade de conducir as augas que baixan dende Canido e San Roque cara a ría.

6. O Convento de San Francisco, fundado en 1377 polos Andrade, situábase sobre o que hoxe é o adro da igrexa castrense construída a metade do século XVIII. Tiña un embarcadoro propio, o que dá idea da importancia que acadou a congregación na economía da Vila.

7. A rúa San Francisco foi renovando ao longo do século XIX as súas arquitecturas, sendo hoxendía a rúa da cidade que mellor amosa a mistura de eclecticismo, modernismo e racionalismo.



8. A penas queda rastro da arquitectura medieval do barrio, despois do incendio que o arrasou case por completo o 19 de Xuño do ano 1568. Aínda así apréciase unha grande evolución da vivenda dende o século XVII, apreciable na Rúa Benito Vicetto. Á casa mariñeira (arquitectura popular, onde domina a solaina e a balconeira) superponse a casa burguesa (máis composta, con galería e miradoiros).

9. As excepcións no parcelario, produto de usos de orixe medieval, como as fábricas de salgadeira, permitiron introducir dentro do casco vello usos singulares diferentes da vivenda (garaxes ou un forno industrial), que enriquecen as tipoloxías do barrio. A Rúa Manuel Comellas substituíu nos anos 60 o Pazo e finca de Vermúdez. Aínda se poden apreciar o antigo muro do pazo.